

CONCELLO DE CARBALLO  
C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2022/G010/000001



**ACTA DA SESIÓN 1/2022 ORDINARIA  
CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL  
O DÍA 31 DE XANEIRO DE 2022**

**Aprobada polo Pleno Municipal na sesión  
ordinaria 2/2022 de data 28/02/2022**

**O Secretario**

**ORDE DO DÍA:**

- 1.- Acta da sesión anterior (27/12/2021). Aprobación.
  - 2.- Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2022” da Deputación Provincial da Coruña. Aprobación. (CIFECRIC de 25/01/2022).
  - 3.- Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2022” da Deputación Provincial da Coruña. POS+Adicional 1/2022 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios. Aprobación. (CIFECRIC de 25/01/2022)
  - 4.- Orzamento xeral do concello de Carballo para o exercicio 2022. Reclamacións. Aprobación definitiva.
  - 5.- Moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 202290000000247 de 18 de xaneiro, sobre políticas de gandería. (CIBPS de 25/01/2022).
- FOD.1.- Recoñecemento da compatibilidade solicitada polo funcionario municipal, don José Alberto Pose Rodríguez, para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector privado.**
- 6.- Seguimento de órganos de goberno:**
- 6.1.- Resolucións da Alcaldía
  - 6.2.- Acordos da Xunta de Goberno Local
  - 6.3.- Rogos e Preguntas

## **ACTA Nº 1/2022 DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL O DÍA 31 DE XANEIRO DE 2022**

Na Casa Consistorial o trinta e un de xaneiro de dous mil vinte e dous (31/01/2022) sendo as vinte horas e trinta e dous minutos (20:32 h.), reúnense os membros do Pleno, no salón de plenos do Concello de Carballo, en primeira convocatoria, para celebrar a sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. EVENCIO FERRERO RODRIGUEZ, coa asistencia dos Concelleiros seguintes:

Polo Grupo Político Municipal do BNG (ademais do Sr. Alcalde):

- D<sup>a</sup> María Belén Lendoiro Esmorís
- D. Xosé Regueira Varela
- D<sup>a</sup> Milagros Lantes Seara
- D. Juan Manuel Seoane Collazo
- D. Marcos José Trigo Facal
- D<sup>a</sup> María del Carmen Ures García
- D<sup>a</sup> Maruxa Suárez Cotelo
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Mar Eirís Villar
- D. Iván Andrade Tasende
- D. Miguel Ángel Vales Mallo
- D. Luis Lamas Álvarez

Polo Grupo Político Municipal do PP:

- D. José Antonio Domínguez Pallas
- D. Rubén Lorenzo Gómez
- D<sup>a</sup> María Beatriz Neira Varela
- D<sup>a</sup> Paula Nogueira Costa

Polo Grupo Político Municipal do PSdG-PSOE:

- D<sup>a</sup> María del Carmen Vila Blanco
- D. Valentín Costa Trillo
- D. César Fernando Varela Novo

Polo Grupo Político Municipal de TEGA:

- D. José Bello Pallas
- D. Andrés Eirís Barca

Asiste pola Intervención a Interventora municipal, dona Irache Enríquez Albaina, e pola Secretaría o Secretario municipal, don José Villán Fuertes, que actúa como secretario e dá fe do acto.

Declarada aberta a sesión, trátanse os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

Antes do inicio da sesión, e a iniciativa do Sr. Alcalde, gárdase un minuto de silencio en memoria de D. Pedro Luís Fernández Pombo, persoa cunha intensa labor solidaria e cun importante papel na dinamización social e cultural no municipio de Carballo, e que fora concelleiro desta Corporación.

### **1.- Acta da sesión anterior (27/12/2021). Aprobación.**

O Pleno Municipal, por unanimidade dos seus membros (21), acorda aprobar a acta (PLENO 13/2021) da sesión ordinaria celebrada o día 27 de decembro de 2021, que foi repartida coa convocatoria.

### **2.- Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2022" da Deputación Provincial da Coruña. Aprobación. (CIFERIC de 25/01/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación do 25/01/2022, punto 2 da orde do día, relativo á proposta do Sr. Alcalde de 18/01/2022, contida no expediente 2022/X999/000014.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, manifesta a súa conformidade coa primeira das obras incluídas na proposta (As Labradas-A Ponte Bértoa) que si a entende demandada. Non entenden prioritaria a segunda das obras (iluminación do campo de fútbol As Eiroas). Este proxecto ten un obxectivo, sinalado no proxecto; pero existen máis luces nesa instalación deportiva que as citadas no proxecto. Por outra banda gástase máis en enerxía eléctrica noutras instalacións (coma o Forum) ou cando menos igual noutras deportivas (coma o Carballo Calero), nas que poderían acometerse investimentos para aforro enerxético. Parécenlle prioritarias outras obras como a Vila de Negreira ou a conexión da rotonda de entrada ao casco co polígono de Bértoa. En canto ás obras propostas no Complementario si as comparten; pero entenden que algunha pode ter sobrecustes (coma a da Baixa de Sofán, con máis de 700.000€; ou de Canosa-Entrecruces con máis de 500.000€) e cren prioritarias outras como as xa citadas. Absteranse.

A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, agradece as mostras de solidariedade e cariño polo pasamento de Pedro Luís Fernández Pombo que fora concelleiro deste grupo socialista. A pesares de que apoiarán a proposta, insiste en recordar o xa sinalado en anteriores ocasións. Non se sabe por que se escolle estas ou aquelas obras, non hai debate, non hai posibilidade de participación dos grupos da oposición nin comunicación cos mesmos.

A Sra. Nogueira Costa, voceira do grupo municipal do PP, insiste tamén no xa sinalado noutras ocasións. Entende que esta proposta é unha decisión unilateral do grupo de goberno. Non observan que a proposta das obras a incluír obedeza a unha planificación estratéxica e a largo prazo. Si lle parece que poida haber diferenzas entre parroquias. Absteranse.

O Sr. Trigo Facal, concelleiro delegado de Deporte e Cultura, responde que o proxecto de iluminación no campo de fútbol As Eiroas era algo xa planificado polo grupo de goberno e de feito fora presentado a unha liña de axudas do IDAE. A finalidade non é só para a retransmisión de partidos. Ademais do aforro enerxético, vaise mellorar a iluminación para tódalas actividades que alí se desenvolvan, polo que van a ganar todos os usuarios. Estanse acometendo accións deste tipo, e proba diso é o premio outorgado ao concello de Carballo a semana pasada en materia de sustentabilidade.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, replica que este proxecto pouco ten que ver con aquel proxecto elaborado por Energal que era moito máis ambicioso e recollía o resto de instalacións. Este só afecta a catro torres de iluminación do campo principal, que consumen 56kw e van a pasar a consumir 48kw, segundo o proxecto. Hai, ademais, outras instalacións deportivas que necesitan esa mellora da iluminación.

O Sr. Trigo Facal, concelleiro delegado de Deporte e Cultura, replica que nas actividades diarias non será necesaria esa potencia. En canto ao resto da instalación, campo anexo, irase acometendo ese investimento no futuro.

Sometido o asunto a votación, con quince (15) votos a favor, dos concelleiros dos grupos municipais do BNG (12) e PSdG-PSOE (3); e seis (6) abstencións, dos concelleiros dos grupos municipais do PP (4) e TEGA (2), o Pleno municipal acorda:

**Primeiro.-** Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2022", "achega provincial 2021" e "préstamo provincial 2022":

**A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:**

	<b>Deputación</b>
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	560.654,83 €
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	0,00 €
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>560.654,83 €</b>

**B ) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total Concello	
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)		
	0,00 €				0,00 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2022</b>	<b>0,00 €</b>				<b>0,00 €</b>

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total Concello	
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastece m. auga potable)		
Mellora de capa de rodadura no vial desde As Labradas (Carballo) ao Lugar da Ponte (Bértoa) Redactado en decembro de 2021 polo enxeñeiro técnico industrial municipal D. José Manuel Facal Fariña, asinado electrónicamente o 04/01/2022	142.639,07 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	142.639,07 €
Mellora de iluminación no campo de fútbol "Complexo deportivo As Eiroas" Redactado en outubro de 2021 polo enxeñeiro técnico industrial D. Jesús Manuel Mallo Puga, colexiado nº 1.178 C.O.E.T.I.C.O.R, asinado electrónicamente o 27/10/2021	260.064,94 €	27.147,90 €	0,00 €	27.147,90 €	287.212,84 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2021</b>	<b>402.704,01 €</b>	<b>27.147,90 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>27.147,90 €</b>	<b>429.851,91 €</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

**C) Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
	0,00 €
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>	<b>0,00 €</b>

**D) Resumo:**

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
<b>A- GASTOS CORRENTES</b>	<b>Achega 2022</b>	560.654,83 €				560.654,83 €
	<b>Achega 2021 (Excep. Base 2.1)</b>	0,00 €				0,00 €
<b>B- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega 2022</b>	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	<b>Achega 2021</b>	402.704,01 €	27.147,90 €	0,00 €	27.147,90 €	429.851,91 €
<b>C- REDUCIÓN DÉBEDA</b>	<b>Préstamo 2022</b>	0,00 €				0,00 €
	<b>Achega 2022</b>	560.654,83 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	560.654,83 €
	<b>Achega 2021</b>	402.704,01 €	27.147,90 €	0,00 €	27.147,90 €	429.851,91 €
	<b>Préstamo 2022</b>	0,00 €				0,00 €
	<b>TOTAL</b>	<b>963.358,84 €</b>	<b>27.147,90 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>27.147,90 €</b>	<b>990.506,74 €</b>

**Segundo.-** Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)	Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) (C = A-B)
Mellora da capa de rodadura no vial desde As Torres (parroquia de Oza) ata Cances Grande (parroquia de Cances) Redactado en decembro de 2021 polo enxeñeiro técnico industrial municipal D. José Manuel Facal Fariña, asinado electrónicamente o 04/01/2022			340.954,41 €
Mellora da capa de rodadura no vial desde Bolón (parroquia de Sofán) ata Vilar de Francos (parroquia de Artes) Redactado en xaneiro de 2022 polo enxeñeiro			225.140,47 €

técnico industrial municipal D. José Manuel Facal Fariña, asinado electrónicamente o 04/01/2022			
Rede de abastecemento de auga potable á Baixa de Sofán Redactado en xaneiro de 2022 polo enxeñeiro técnico industrial municipal D. José Manuel Facal Fariña, asinado electrónicamente o 11/01/2022			700.171,12 €
Rede de abastecemento de auga potable dende Canosa a Entrecruces Redactado en xaneiro de 2022 polo enxeñeiro técnico industrial municipal D. José Manuel Facal Fariña, asinado electrónicamente o 13/01/2022			537.479,31 €
<b>TOTAIS</b>			1.803.745,31 €

**Terceiro.-** Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**Cuarto.-** Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

**Quinto.-** Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

**Sexto.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

**Sétimo.-** Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**Oitavo.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

### **3.- Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2022" da Deputación Provincial da Coruña. POS+Adicional 1/2022 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios. Aprobación. (CIFECRIC de 25/01/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación do 25/01/2022, punto 3 da orde do día, relativo á proposta do Sr. Alcalde de 19/01/2022, contida no expediente 2022/X999/000075.

Sen debate e sometido o asunto a votación, por unanimidade dos seus membros (21), o Pleno da Corporación municipal acorda:

**Primeiro.-** Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2022" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan

no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL/2022	196.229,20 €
Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	196.229,20 €

GASTOS EXTRAORDINARIOS	SOCIAIS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
		(A)	(B)	(A-B)

<p>a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.</p>				0,00 €
<p>b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.</p> <p>As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.</p>				0,00 €
<p><b>c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa,</b></p>		1.763.566,51 €	1.162.238,64 €	601.327,87 €



<p><b>como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</b></p> <p><b>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS.</b></p> <p><b>Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</b></p>			
d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.			0,00 €
e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.			0,00 €
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.			0,00 €
g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.			0,00 €
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b>	1.763.566,51 €	1.162.238,64 €	601.327,87 €
h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.			0,00 €

A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.			
i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos os equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática etc).			0,00 €
A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.			
<b>SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO</b>	0,00 €	0,00 €	0,00 €

GASTOS EXTRAORDINARIOS	SOCIAIS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLOS (A-B)
<b>TOTAL</b>		1.763.566,51 €	1.162.238,64 €	601.327,87 €

**Segundo.**- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

#### 4.- Orzamento xeral do concello de Carballo para o exercicio 2022. Reclamacións. Aprobación definitiva.

Nin o Sr. Alcalde nin a Concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior, Sra. Lendoiro Esmorís, xustifican a inclusión deste punto na orde do día, sen ditame previo.

**\*- Sometida a votación a ratificación da súa inclusión na orde do día, conforme ós artigos 97.2 e 82.3 do R.D. 2568/1986, o Pleno Municipal, por unanimidade dos seus membros (21), acorda ratificar a inclusión deste asunto na orde do día.**

Transcríbese o contido da parte expositiva da proposta do Sr. Alcalde de 26/01/2021, contida no expediente 2021/T004/000002:

«En sesión ordinaria do día 27 de decembro de 2021, o Pleno desta Corporación acordou aprobar inicialmente o Orzamento Xeral para o exercicio 2022 e as bases para a súa execución.

No Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 249, do 31 de decembro de 2021, se publica o anuncio de aprobación inicial dos acordos anteriores e de apertura do periodo de exposición ao público e presentación de reclamacións.

No periodo de exposición ao público, que rematou o pasado 24 de xaneiro de 2022, formúlase a seguinte alegación, segundo certificado do secretario xeral do Concello, de 26 de xaneiro de 2022:

Con rexistro de entrada núm 202290000000353 do 24/01/2022 Unión Sindical Obrera (USO), representada por la Sra. Pedrazuela Vela, formula alegacións no seguinte sentido: «Por todo lo anterior, formulo las presentes ALEGACIONES a la aprobación inicial del Presupuesto Municipal para el ejercicio 2022, por cuanto es necesario cubrir definitivamente las numerosas plazas que se encuentran vacantes, funcionarizar algunas de las plazas que están ocupadas por personal laboral y deben ser desempeñadas por funcionarios de carrera y proceder a la consolidación/estabilización de los empleados públicos temporales.»

Visto o Informe de Secretaría Intervención de 26 de xaneiro, que consta no expediente, os seus antecedentes e consideracións, e no que conclúese:

“Por non tratarse dun dos motivos de alegacións á aprobación inicial do orzamento municipal, e polo exposto anteriormente, propónse a desestimación da alegación presentada á aprobación inicial do orzamento xeral do Concello de Carballo para o 2022 e a súa aprobación definitiva”

Considerando que segundo o artigo 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, o pleno disporá do prazo dun mes para resolver as reclamacións presentadas e que dito acordo non require de maioría absoluta do número legal de membros da corporación, se ben, tras o pronunciamento sobre as alegacións, o Pleno do Concello decidirá sobre a aprobación definitiva do Orzamento xeral.»

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, aínda que entende que formalmente non ha lugar a esta alegación, por coherencia co seu voto á aprobación inicial do orzamento, votarán en contra.

A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, se ben o fondo da alegación enténdeo e pode compartilo; visto o informe que lles foi remitido e por coherencia, tamén, co seu voto inicial, absteranse.

A Sra. Nogueira Costa, voceira do grupo municipal do PP, entende que a alegación reforza o seu voto en contra á aprobación inicial do orzamento, aínda que estea xustificando o seu rexeitamento

A Sra. Lendoiro Esmorís, concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior, pode compartir o espírito da alegación pero como tal ao orzamento non pode prosperar. Informa que estase traballando cos representantes sindicais para afrontar os procesos de estabilización de persoal habilitados pola norma aprobada a finais do ano pasado.

Sometido o asunto a votación, con doce (12) votos a favor; os dos representantes do grupo municipal do BNG; tres (3) abstencións, as dos representantes do grupo municipal do PSdeG-PSOE (3); e seis (6) votos en contra, dos representantes dos grupos municipais de PP (4) e TEGA (2), o Pleno da Corporación municipal acorda:

**Primeiro.- Desestimar a alegación** formulada con rexistro de entrada núm 20229000000353 do 24/01/2022, por **Unión Sindical Obrera (USO)**, representada por la Sra. Pedrazuela Vela, fronte ao **Orzamento municipal do Concello de Carballo para o exercicio 2022** por non axustarse a algunha das causas de reclamacións ao orzamento previstas no art. 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

**Segundo.- Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral do Concello de Carballo para o 2022** e as súas bases de execución. O resume por capítulos do Orzamento, que non sofre variación algunha respecto do aprobado inicialmente, é o seguinte:

<b>CAPÍTULO INGRESOS</b>		<b>CAPÍTULO GASTOS</b>	
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>		<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	
1 IMPOSTOS DIRECTOS	8.149.662,26	1 GASTOS DE PERSOAL	8.772.407,98
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	360.000,00	2 G.TOS. BENS CTES. E SERV.	13.076.968,09
3 TAXAS E OUTROS INGRESOS	6.934.179,00	3 GASTOS FINANCEIROS	71.446,42
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	11.286.732,69	4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.819.700,00
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	51.371,00	5. FONDO DE CONTINXENCIA	20.000,00
<b>Total Operacións Correntes</b>	<b>26.781.944,95</b>	<b>Total Operacións Correntes</b>	<b>23.760.522,49</b>
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	
6 ALLEAMEN. INVESTIMENTOS REAIS	0,00	6 INVESTIMENTOS REAIS	4.040.214,76

7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.018.792,30	7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
<b>Total Operacións Capital</b>	<b>1.018.792,30</b>	<b>Total Operacións Capital</b>	<b>4.040.214,76</b>
<b>OPERACIÓN FINANCEIRAS</b>		<b>OPERACIÓN FINANCEIRAS</b>	
8 ACTIVOS FINANCEIROS	60.000,00	8 ACTIVOS FINANCEIROS	60.000,00
9 PASIVOS FINANCEIROS	0,00	9 PASIVOS FINANCEIROS	0,00
<b>Total Operacións Financeiras</b>	<b>60.000,00</b>	<b>Total Operacións Financeiras</b>	<b>60.000,00</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>27.860.737,25</b>	<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>27.860.737,25</b>

De acordo co art. 169.3 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais), ordenar a publicación do resumo por capítulos do Orzamento no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello de Carballo.

Contra o acordo de aprobación definitiva só poderá plantearse recurso contencioso administrativo, que non suspenderá por sí mesmo, a aplicación do orzamento definitivamente aprobado.

### **5.- Moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 202290000000247 de 18 de xaneiro, sobre políticas de gandería. (CIBPS de 25/01/2022).**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Benestar e Participación Social do 25/01/2022), punto 2 da orde do día, relativo á moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 202290000000247 de 18 de xaneiro, sobre políticas de gandería.

A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, resume a parte expositiva da moción e remítese ó contido da parte resolutiva lido polo Sr. Alcalde no ditame. Esta moción, subliña, aposta por unha gandería sostible e polas explotacións tradicionais e familiares.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, estando de acordo coa moción, coma noutras, entende que non é este un debate que proceda no Concello. Absteranse.

A Sra. Nogueira Costa, voceira do grupo municipal do PP, comparte o apoio a un sector tan importante en Galicia e na comarca. Este tipo de accións require a unidade de todos, e así a demanda. Non obstante recorda á voceira do PSdeG-PSOE as súas críticas con outras mocións aquí presentadas e "deslocalizadas" do concello. Poñendo por enriba diso o seu valor, van a votar a favor desta moción.

O Sr. Regueira Varela, voceiro do grupo municipal do BNG, mostra o seu apoio á moción. Sometido o asunto a votación, con dezanove (19) votos a favor; os dos representantes dos grupos municipais do BNG (12), PP (4) e PSdeG-PSOE (3); e dúas (2) abstencións, as dos representantes do grupo municipal de TEGA, o Pleno da Corporación municipal acorda:

- Apoiar unha gandería, tanto extensiva como intensiva, que siga sendo motor de desenvolvemento no medio rural, e especialmente ás explotacións familiares e profesionais que contribúen a xerar emprego, ademais de fixar poboación e tecido empresarial nos nosos pobos.
- Apoiar o impulso dunha gandería sostible, en liña co Pacto Verde Europeo e as estratexias europeas "Da Granxa á Mesa" e "Biodiversidade", tanto a través de mecanismos normativos como de fomento, apoiando e acompañado aos gandeiros e gandeiras nos investimentos necesarios para mellorar a sustentabilidade e rendibilidade.
- Compartir os plans de control do cumprimento de requisitos, para que aqueles gandeiros que cumpren non se vexan prexudicados por quen non cumpre coa normativa ambiental, de benestar animal, de tamaño de explotacións, etc.
- Valorar positivamente a calidade e a exportación dos nosos produtos agroalimentarios, que responden aos estándares máis altos a nivel internacional; abrindo novos mercados e apoiando a promoción dos alimentos españois, entre eles os produtos gandeiros, fóra das nosas fronteiras.

## **FOD.1.- Recoñecemento da compatibilidade solicitada polo funcionario municipal, don José Alberto Pose Rodríguez, para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector privado.**

O Sr. Alcalde xustifica previamente a inclusión deste asunto na deliberación e votación desta sesión para evitar posibles prexuízos á mercantil interesada na tramitación de axudas públicas.

**\*.- FÓRA DA ORDE DO DÍA, de conformidade co establecido no artigo 91.4 e 97.3 do R.D. 2568/1986 que aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais (ROF) e tendo en conta o artigo 81.1.a) do mesmo texto, o Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros (21), acorda aprobar a urxencia e posterior consideración nesta sesión deste asunto enumerado co epígrafe FOD.1.**

Transcríbese a parte expositiva da proposta de 31/01/2022 da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior, no expediente 2021/X999/001867.

«Con data 21 de decembro de 2021, rexistro de entrada no Concello de Carballo núm. 7780/2021, D. José Alberto Pose Rodríguez, con DNI núm. 53167172G, funcionario do Concello de Carballo nunha praza de oficial de obras, presenta un escrito no que solicita a compatibilidade para o desempeño dun traballo no sector privado.

Con data 31 de xaneiro de 2022 pola Secretaría Xeral da Corporación emite informe do seguinte teor literal:

### **“Antecedentes:**

*Con data 21 de decembro de 2021, rexistro de entrada no Concello de Carballo núm. 7780/2021, D. José Alberto Pose Rodríguez, con DNI núm. 53167172G, funcionario do Concello de Carballo nunha praza de oficial de obras, presenta un escrito no que solicita a compatibilidade para o desempeño dun traballo no sector privado.*

*No citado escrito declara e manifesta que a súa prestación de servizos se fará en rexime de autónomo, a partir de febreiro de 2022, e que presenta as características seguintes:*

- *Entidade: Alberto Puertas Automáticas*
- *Tipo de contrato: Autónomo.*
- *Xornada: 16:00 a 19:30 horas*
- *Nº de horas semanais: 17:30 horas, distribuídas de luns a venres.*
- *Categoría profesional: Oficial Primeira.*
- *Tarefas a desempeñar: Carpintería metálica*

### **Normativa:**

- *Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.*
- *Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, de Incompatibilidades do persoal al servizo das Administración del Estado, de la Seguridad Social y de los Organismos y empresas dependientes.*

## **INFORME**

### **Primeiro.- Normativa sobre incompatibilidades aplicable aos empregados das Corporacións Locais.**

*No que se refire ao réxime de incompatibilidades dos funcionarios da Administración local, o artigo 145 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local remite ao establecido con carácter xeral para a función pública na Lei 53/1984 sobre incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas, de 26 decembro.*

*Neste sentido, no seu artigo 2.1.c), a Lei 53/1984, de 26 de decembro, establece que a mesma será de aplicación, entre outros, ao persoal ao servizo das Corporacións Locais e dos Organismos delas dependentes, entendéndose incluído neste ámbito todo o persoal, calquera que sexa a natureza xurídica da relación de emprego.*

### **Segundo.- Principios xerais aplicables á compatibilidade**

*O art. 1.3 de la Lei 53/1984 dispón que "el desempeño de un puesto de trabajo por el personal incluído en el ámbito de aplicación de esta Ley será incompatible con el ejercicio de cualquier cargo, profesión o actividad, público o privado, que pueda impedir o menoscabar el estricto cumplimiento de sus deberes o comprometer su imparcialidad o independencia."*

*Polo tanto, o primeiro principio xeral da normativa sobre incompatibilidades parte de establecer unha absoluta incompatibilidade para o desempeño de dous postos de traballo.*

Sen embargo, cando se trata de compatibilizar cun segundo traballo no sector privado o artigo 11 de la Lei establece como principio xeral á autorización da compatibilidade con actividades privadas, previa obtención da correspondente autorización de compatibilidade, sempre e cando se cumpran unha serie de requisitos.

**Terceiro.- Requisitos para autorizar a compatibilidade con actividades privadas.**

Para que poida estimarse unha solicitude de compatibilidade entre o desempeño dun emprego público e unha actividade privada é preciso que se cumpran unha serie de requisitos, que, a vista da Lei 53/1984 e o RD 598/1985 que a desenvolve, poden resumirse en catro:

- **Imparcialidade.** Que a segunda actividade privadan non poida impedir ou menoscabar o estricto cumprimento dos deberes do empregado público ou comprometer a súa imparcialidade e independencia (art. 1.3 Lei 53/1984).
- **Complementos retributivos.** Que o empregado público non perciba complementos específico dunha cuantía superior ao 30% da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade (art. 16.4 Lei 53/1984). Se a contía do complemento específico fose superior á citada porcentaxe, non procedería a autorizar a compatibilidade.
- **Xornada e horario.** Se a actividade privada para a que se solicita a compatibilidade, require a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo na Administración, só poderá autorizarse cando a actividade pública sexa como de prestación a tempo parcial (art. 12.2 Lei 53/1984 e art. 14 RD 598/1985).

A sensu contrario, significa que cando a xornada no Concello é a normal a tempo completo, só podería autorizarse a compatibilidade se a xornada ou horario da actividade privada é inferior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo na Administración (37 horas e 35 minutos).

Por outra parte, de conformidade có disposto no artigo 14 do Real Decreto 598/1985, ha de entenderse por xornada a tempo parcial aquela que non supere as trinta horas semanais.

- **Natureza da actividade.** Que a actividade privada non se relacione directamente cós asuntos sometidos a informe, decisión, axuda financeira ou control no Departamento, Organismo, Ente ou Empresa pública á que o interesado estea adscrito a prestar os seus servizos, para evitar que o funcionario poida preverarse do seu posto de traballo na Administración (art. 11.1 Lei 53/1984 e arts. 9 e 11 RD 598/1985).

**Cuarto.- Procedemento e órgano competente.**

Segundo o artigo 14 da Lei 53/1984 "el ejercicio de actividades profesionales, laborales, mercantiles o industriales fuera de las Administraciones Públicas requerirá el previo reconocimiento de compatibilidad".

Respecto á competencia para a súa concesión ou denegación e informes previos, o artigo 14 da Lei 53/1984, e no mesmo sentido o artigo 50.9 do RD 2568/1986, atribúen a mesma ao Pleno da Corporación, mediante resolución debidamente motivada, do seguinte xeito:

"La autorización motivada reconociendo la compatibilidad o declarando la incompatibilidad, que se dictará en el plazo de dos meses, corresponde al Ministerio de la Presidencia, a propuesta del Subsecretario del Departamento correspondiente, al órgano competente de la Comunidad Autónoma o al Pleno de la Corporación Local, previo, en su caso, de los Directores de los Organismos, Entes y Empresas públicas"

Este exercicio de actividade privada non poderá modificar a xornada e horario de traballo do empregado público.

Por outra parte, de conformidade co art. 147 do TRRL, o art. 6.h) do RD 33/1986 e o Decreto 94/1991 desta Comunidade Autónoma de Galicia o incumprimento das normas de compatibilidade está tipificado como infracción moi grave.

**Conclusión.**

Da solicitude do interesado, así como da declaración e manifestacións expresadas polo solicitante no seu escrito, parece que non haber dúbida do cumprimento dos requisitos relacionados no apartado terceiro deste informe para autorizar a compatibilidade, que son os esixidos pola normativa vixente para autorizar a compatibilidade de actividades privadas.

Así pois, no caso de apreciar que se cumpren as citadas condicións ou requisitos para autorizar a compatibilidade de actividades privadas, previa proposta da concelleira delegada, o Pleno da Corporación, no caso de que o estime oportuno, podería adoptar o seguinte acordo:

**"Primeiro.-** Recoñecer a compatibilidade solicitada, mediante escrito de data 21/12/2021 (registro de entrada núm. 7780/2021), por **D. José Alberto Pose Rodríguez**, con DNI núm. 53167172G, para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector privado. A compatibilidade recoñécese para o seguinte posto de traballo:

Entidade: Alberto Puertas Automáticas

Tipo de contrato: Autónomo.

Xornada: 16:00 a 19:30 horas

Nº de horas semanais: 17:30 horas, distribuídas de luns a venres.

Categoría profesional: Oficial Primera.

Tarefas a desempeñar: Carpintería metálica

**Segundo.-** Esta autorización para o exercicio de actividade privada non poderá modificar a xornada laboral actual desenvolvida como da oficial de obras do Concello de Carballo, ou a xornada e horarios que, con carácter xeral para todos os empregados deste Concello, poidera acordarse no futuro.

**Terceiro.-** Dar traslado do presente acordo ao interesado. [...]»

Sen debate e sometido o asunto a votación, con quince (15) votos a favor; os dos representantes dos grupos municipais do BNG (12) e PSdeG-PSOE (3); e seis (6) abstencións, as dos representantes dos grupos municipais de PP (4) e TEGA (2), o Pleno da Corporación municipal acorda:

**Primeiro.-** Recoñecer a compatibilidade solicitada, mediante escrito de data 21/12/2021 (registro de entrada núm. 7780/2021), por **D. José Alberto Pose Rodríguez**, con DNI núm. 53167172G, para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector privado. A compatibilidade recoñécese para o seguinte posto de traballo:

- Entidade: Alberto Puertas Automáticas
- Tipo de contrato: Autónomo.
- Xornada: 16:00 a 19:30 horas
- Nº de horas semanais: 17:30 horas, distribuídas de luns a venres.
- Categoría profesional: Oficial Primeira.
- Tarefas a desempeñar: Carpintería metálica

**Segundo.-** Esta autorización para o exercicio de actividade privada non poderá modificar a xornada laboral actual desenvolvida como oficial de obras do Concello de Carballo, ou a xornada e horarios que, con carácter xeral para todos os empregados deste Concello, poidera acordarse no futuro.

**Terceiro.-** Dar traslado do presente acordo ao interesado.

## 6.- Seguimento de órganos de goberno:

### 6.1.- Resolucións da Alcaldía

#### 6.1.1- Dáse conta expresamente das seguintes resolucións da Alcaldía:

##### \* Decreto 223/2022 de 24 de xaneiro

###### RESOLUCIÓN.- Suplencia da alcaldía o día 24 de xaneiro de 2022

Teño previsto ausentarme do termo municipal o día 24 de xaneiro de 2022.

Foron vistos o artigo 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), o artigo 13 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), o artigo 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e a resolución desta alcaldía núm. 1658/2019 de 17 de xuño (BOP nº 117 de 21/06/2019, núm. de anuncio 2019/4889)

Á vista do anterior, e en uso das competencias legalmente atribuídas, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Designar como substituta nas funcións da Alcaldía á segunda Tenente de Alcalde e Concelleira delegada de Planificación, Estratexia Urbana e Contratación, Dona Milagros Lantes Seara, o día 24 de xaneiro de 2022.

**Segundo.-** De acordo co art. 13.4 da Lei 39/2015 (LRXSP) “*Nas resolucións e actos que se dicten mediante suplencia, farase constar esta circunstancia e se especificará o titular do órgano en cuia suplencia se adoptan e quen efectivamente está exercendo esta suplencia*”.

**Terceiro.-** Ordear a publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de acordo co previsto no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

**Cuarto.-** Notificar esta resolución á concelleira delegada.

Dar traslado ós servizos municipais para os efectos oportunos.

Dar conta deste decreto ao Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar consonte ao previsto na normativa vixente.

##### \* Decreto 224/2022 de 25 de xaneiro

###### RESOLUCIÓN.- Suplencia da alcaldía o día 25 de xaneiro de 2022

Teño previsto ausentarme do termo municipal o día 25 de xaneiro de 2022.

Foron vistos o artigo 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), o artigo 13 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), o artigo 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e a resolución desta alcaldía núm. 1658/2019 de 17 de xuño (BOP nº 117 de 21/06/2019, núm. de anuncio 2019/4889)

Á vista do anterior, e en uso das competencias legalmente atribuídas, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Designar como substituta nas funcións da Alcaldía á segunda Tenente de Alcalde e Concelleira delegada de Planificación, Estratexia Urbana e Contratación, Dona Milagros Lantes Seara, o día 25 de xaneiro de 2022.

**Segundo.-** De acordo co art. 13.4 da Lei 39/2015 (LRXSP) “*Nas resolucións e actos que se dicten mediante suplencia, farase constar esta circunstancia e se especificará o titular do órgano en cuia suplencia se adoptan e quen efectivamente está exercendo esta suplencia*”.

**Terceiro.-** Ordear a publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de acordo co previsto no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

**Cuarto.-** Notificar esta resolución á concelleira delegada.

Dar traslado ós servizos municipais para os efectos oportunos.

Dar conta deste decreto ao Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar consonte ao previsto na normativa vixente.

**6.1.2.-** O Pleno Municipal queda enterado das resolucións da Alcaldía seguintes:

- ditadas entre o día 23/12/2021, n.º 3473, e o día 30/12/2021, n.º 3563.
- ditadas entre o día 03/01/2022, n.º 1, e o día 26/01/2022, n.º 253

**6.2.- Acordos da Xunta de Goberno Local**

O Pleno Municipal queda enterado dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local, segundo o seguinte detalle:

Sesión	Tipo	Data
27/2021	Ordinaria	20/12/2021
01/2022	Ordinaria	03/01/2022
02/2022	Ordinaria	17/01/2022

**6.3.- Rogos e Preguntas**

Non se formularon

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas (21:00 h.), a Presidencia levanta a sesión da que se estende a presente acta, do que eu como Secretario dou fe.